

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO SEGUNDO EJERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE ACCESO LIBRE, PARA O INGRESO NO CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A1, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 22 DE XUÑO DE 2022 (DOG NÚM. 121, DO 27 DE XUÑO).

En sesión celebrada o 23 de outubro de 2023, o tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo de acceso libre, para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, convocado por Resolución do 22 de xuño de 2022 (DOG núm. 121, do 27 de xuño), acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.2.10 da convocatoria.

Na cláusula II.1.2.10., da convocatoria establécese que: "Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria".

1. CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA

As persoas aspirantes deberán desenvolver por escrito dous (2) temas, que se elixirán entre catro (4), obtidos mediante sorteo polo tribunal de entre os que forman o contido da parte específica do programa que figura como anexo desta resolución, do seguinte xeito:

- Un (1) tema que se elixirá entre dous (2) obtidos por sorteo dos correspondentes aos bloques I, II e III.
- Un (1) tema que se elixirá entre dous (2) obtidos por sorteo dos correspondentes aos bloques IV e V.

O exercicio terá unha duración máxima de catro (4) horas.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte e cinco (25) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima.

O tribunal cualificará o exercicio valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.

2. DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o Tribunal acordou:

1º Cada tema terá unha valoración máxima de 25 puntos. A valoración do exercicio obterase pola suma das puntuacións obtidas na valoración de cada tema. Para superar o exercicio será necesario obter un mínimo de 25 puntos.

2º Para a valoración dos exercicios, de acordo co artigo 60 das Instrucións de funcionamento dos tribunais, a cualificación de cada aspirante determinarase, logo do intercambio de opinións e valoracións por parte dos integrantes do tribunal, calculando as notas que correspondan a cada exercicio en función das cualificacións outorgadas por cada un dos membros daquel, excluíndo as notas máis alta e máis



baixa, sendo a nota final do/a aspirante a media aritmética das notas válidas non excluídas.

3º Para cada un dos temas valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade de expresión escrita, consonte o establecido na base II.1.1.2.

Con relación aos coñecementos valorarase que o material e fontes de información dos contidos dos temas estean actualizados de conformidade coa base II.1 da convocatoria e que a súa exposición se faga cunha redacción clara, ordenada e rigorosa. Valorarase así mesmo, que o conxunto do exercicio estea equilibrado, completo e compensado no seu contido.

4º O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos. Superarán o segundo exercicio as persoas aspirantes que, logo da valoración segundo o indicado no apartado anterior, acaden unha cualificación final do exercicio igual ou superior a 25 puntos.

En Santiago de Compostela,

O Presidente o Tribunal

Juan José Nieto Montero

